

ASUNTO: Trámite de información pública do *Documento Preliminar do Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural das Fragas do Eume* anunciado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (DOG. Nº 17, 27/01/2015 e DOG. Nº 26, 09/02/2015).

, con documento de identidade, actuando en representación da Federación Ecoloxista Galega (FEG)/ Verdegalaia con enderezo (a efectos de notificación) no apartado de correos de Santiago de Compostela, , comparece e como mellor proceda en dereito,

EXPÓN:

Que por medio do presente escrito a Federación Ecoloxista Galega /Verdegalaia manifesta as súas consideracións ao *Documento Preliminar do Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural das Fragas do Eume* anunciado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (DOG. Nº 17, 27/01/2015 e DOG. Nº 26, 09/02/2015), dentro do prazo de 30 días naturais trala publicación no DOG.

1.- CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.1. O *Documento Preliminar do Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural das Fragas do Eume* responde á obriga legal de elaborar plans reitores de uso e xestión no referido aos parques naturais segundo se recolle na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade e na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza. Sen embargo, esta mesma Lei, no artigo 35.4 establece un prazo máximo de dous anos para aprobación do plan reitor dende a entrada en vigor como espazo protexido, polo que **o Documento Preliminar ao que se presentan consideracións faise público cunha demora culpable de 17 anos dende a declaración do Parque Natural das Fragas do Eume** segundo o decreto 218/199/, do 30 de xullo.

Esta **demora culpable da Administración** ocasionou, en primeiro lugar, danos aos propietarios e propietarias, lesionando os seus dereitos e imposibilitando unha mellora na súa calidade de vida. En segundo lugar, a carencia dun plan reitor supón unha situación de desgoberno e de carencia de planificación, manifestándose a incompetencia e desinterese dos diferentes responsables da Xunta de Galicia. A información existente sobre a inversión pública realizada e as subvencións concedidas ao longo destes anos non atenderon prioritariamente a accións para a preservación dos hábitats e especies incluídas nos Anexos I e II da Directiva Hábitat 92/43/CEE o que amosa a negligencia da Administración no referido á conservación dos ecosistemas singulares.

1.2. O *Documento Preliminar do Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural das Fragas do Eume* organízase atendendo aos contidos básicos referidos no artigo 34 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza, pero **non desenvolve nin o obrigado “Programa económico-**

financeiro” nin a “Programación de actuacións a desenvolver no espazo natural”. O documento non concreta a financiación, as inversións nin os gastos cuantificables e exclúe a posibilidade de mecanismos compensatorios para propietarios e propietarias afectados polos cambios de usos recollidos no plan.

En relación ás actuacións, **non establece unha temporalización**, nin describe as metodoloxías nin os recursos materiais e/ou humanos necesarios. Tampouco se detallan os destinatarios das actuacións nin as zonas ou a cobertura espacial onde se desenvolverán. Destaca a **ausencia de criterios de avaliación sobre o cumprimento dos obxectivos** que orientan as actuacións a desenvolver durante a vixencia do plan.

Por último, chama atención que o apartado *1.6 Diagnóstico* aparece só unha descrición parcial da situación e características do parque natural, **excluíndose a problemática ambiental, a caracterización dos hábitats e especies en canto á superficie e estado de conservación. Tampouco se atende ás necesidades, actividades económicas e situación da poboación residente no parque natural e/ou propietarios do espazo.**

1.3. A lectura do *Documento Preliminar do Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural das Fragas do Eume* permite caracterízalo como un **texto de baixa calidade** debido aos desequilibrio entre apartados, a introdución de contidos innecesarios que o alongan excesivamente; atópanse redundancias, contradicións, desconexión entre os apartados e falta dunha presentación clara e que facilite o seu manexo durante os anos de vixencia.

1.4. O *Documento Preliminar do Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural das Fragas do Eume* **non é resultado dun proceso de participación pública que permitise consensuar os contidos do plan.** O documento foi publicado no DOG a pesar da falta de apoio manifestado publicamente polos colectivos de propietarios/as de terreos dentro parque natural, de ecoloxistas e representantes de diferentes administración locais na súa redacción actual. O trámite de información ao que se presentan consideracións é un dereito recollido pola Lei 27/2006, do 18 de xullo de Acceso á Información, Participación Pública e Acceso á Xustiza en Materia de Medio Ambiente, pero que non garante de por si unha mellora substancial do *Documento Preliminar* que permita superar o conflito socio-ambiental derivado da negligente xestión da Administración. A isto súmase o escaso prazo concedido para a presentación de alegacións.

2.- CONSIDERACIÓNS SOBRE O APARTADO 1.6 Diagnóstico

A información contida neste apartado, e a pesar da excesiva extensión e da propia denominación, **limitase a unha descrición parcial das características do parque natural excluindo a descrición e enumeración da problemática ambiental** xeral e aquela que afecta aos hábitats e especies aos que se menciona.

- Destaca a **ausencia dun listado de especies invasoras** presentes no espazo, entre as que se tería que incluír o eucalipto, a súa distribución e a superficie ocupada.

- Unicamente se fai mención á alteración antrópica no curso do Eume motivada por diferentes actuacións, sen abordar o impacto destes obstáculos sobre a ictiofauna. Tampouco se recollen alusións ó **incumprimento da normativa ambiental en relación ao caudal ecolóxico no encoro propiedade de ENDESA**; ó **proxecto de modernización dos desaugadoiros da presa** que podería repercutir negativamente sobre a calidade das augas; ou aos **episodios recorrentes de contaminación no Eume e verquidos** nos seus afluentes.

- Non se identifican dentro do parque natural a existencia da liña de alta tensión Mesón do Bento-As Pontes, o parque eólico de Sotavento, unha canteira, ademais de explotacións hidroeléctricas.

- Non aparece reflectida a destrución de ecosistemas singulares, a fragmentación dos hábitats, o impacto da afluencia masiva de vehículos privados ou a presenza de vertedoiros.

- Convén salientar a **carencia dunha caracterización detallada, e referida ao parque natural, dos hábitats e especies en canto a superficie e estado de conservación** que permita orientar e priorizar as actuacións, así como a dotación orzamentaria axeitada.

- Destaca que os contidos do apartado 1.6 *Diagnóstico*, sendo similares os recollidos no anterior borrador do PRUX presentado en 2011, amosan unha **bibliografía desactualizada en canto á catalogación de especies presentes no espazo e o grado de ameaza que se lles concede**. É o caso dos morcegos, dos coleópteros ou da ictiofauna. As consecuencias destas deficiencias son observables na carencia de actuacións encamiñadas á protección das especies máis sensibles.

- A descrición xeral das características socio-económicas dos concellos integrados no parque, única información proporcionada, **non permite coñecer de xeito diferenciado as necesidades, actividades económicas e situación da poboación residente no parque natural e/ou propietarios** do espazo.

3.- CONSIDERACIÓNS SOBRE O APARTADO 2. *Obxectivos*

Os obxectivos xerais do PRUX recollidos no *Documento Preliminar* amosan a tendencia común do documento a ignorar o papel fundamental do colectivo de propietarios e propietarias de terreos privados dentro do espazo protexido. Así mesmo, optase polo uso de termos inconcretos e ambiguos como “desenvolvemento sostible”, “sostibilidade” e apóstase polo turismo como un elemento fundamental do desenvolvemento do parque natural en detrimento doutro tipo de usos públicos. Nestes sentido, propónse substituír os obxectivos xerais 3, 4, 5 e 6 por outros nos que se reflecta:

- O dereito de que as persoas que residen no Parque ou daquelas que son propietarias de terreos no mesmo vexan mellorada a súa

calidade de vida a través de medidas de fomento da silvicultura, gandería, agricultura e uso público.

- A **necesidade de fixar a poboación humana e compatibilizar as actividades tradicionais desenvolvidas dentro do parque coas actuacións ligadas á conservación** a través da concertación por servizos ambientais, o que serviría como medida clave de fomento económico.

- Deseñar un **sistema de uso público axeitado á capacidade de carga das diferentes zonas do parque**, facéndoo compatible cos obxectivos de conservación.

- Identificar a **educación ambiental** baseada no patrimonio natural e etnográfico e dirixida á poboación residente, propietaria ou visitantes **como un instrumento fundamental para a consecución dos obxectivos de conservación**.

En relación ao obxectivo 1, propónse recoller como unha necesidade para garantir a conservación da diversidade biolóxica e dos procesos ecolóxicos esenciais, a importancia de **protexer as masas de auga e mellorar a súa calidade**, tanto na zona do encoro como nos restantes tramos do Eume e o conxunto da cunca vertente.

4.- CONSIDERACIÓNS SOBRE O APARTADO 4. Medidas de xestión

- No apartado 4.1.1 referido a *Actividades Excluídas* a ambigüidade da formulación e as excepcións recollidas supoñen que tanto os aproveitamentos mineiros como de produción de enerxía eléctrica sexan actividades permitidas, en contradición coa denominación do apartado. Atendendo ao elevado impacto destas actividades non tradicionais que contraveñen os obxectivos de conservación, **proponse que o parque natural sexa unha zona de exclusión de aproveitamentos mineiros**, de calquera natureza. Do mesmo xeito, **deben quedar excluídos os novos aproveitamentos de produción de enerxía eléctrica**. Proponse, sen embargo, evitar a exclusión da enerxía fotovoltaica de uso doméstico dentro do parque natural.

- Dentro do apartado 4.1.2 *Directrices xerais*, e atendendo ao elevado impacto que podería derivar, **proponse que o parque natural sexa unha zona de exclusión de organismos xeneticamente modificados**, facéndoo constar nos apartados subseguintes onde se aluda aos mesmos.

- Dentro do apartado 4.1.2.14 *Directrices xerais*, **deberá poñerse especial atención á poboación local residente e propietaria de terreos** dentro do parque natural.

- Dentro do apartado 4.1.2.15 *Directrices xerais* **proponse substituír a noción “coñecemento” polo termo “educación ambiental”** sendo este máis axustado aos obxectivos de conservación e de mellora da calidade de vida da poboación.

- No apartado 4.2.2.2, no punto 1 das actuacións recollidas, e en coherencia co apartado 4.2.1, punto e) das directrices, **proponse eliminar a**

posibilidade de realizar verteduras directas ás augas continentais se existe unha autorización.

- **Proponse eliminar** no punto 8 das actuacións dentro do apartado 4.2.2.2 a **posibilidade de autorizar a circulación e uso de vehículos ou maquinaria sobre hábitats de corredores fluviais**, debendo permanecer nas vías existentes.

- Dentro do apartado 4.2.2.3, **valórase que a xestión das formacións de árbores cultivadas (piñeirais, eucaliptais...) deben ser consideradas como Actuacións que poden afectar de forma apreciable ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario.**

- En relación á normativa xeral recollida no apartado 4.2.4.1 *Usos agropecuarios*, e en coherencia coa posibilidade de afectar de xeito apreciable o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario e, por extensión, á poboación local, **proponse que as fumigacións con equipamento aéreo e o depósito de lodos de depuradoras industriais ou urbanas en ningún caso sexan actuacións permitidas dentro do parque natural.**

- **Proponse eliminar** como usos autorizables no apartado 4.2.4.2 *Usos forestais* o **emprego de biocidas ou herbicidas sobre os hábitats naturais.**

- Atendendo ao elevado impacto que poden xerar nos hábitats, **proponse descartar como actuacións suxeitas a autorización** dentro do apartado 4.2.4.1 *Usos agropecuarios*, puntos 7 e 8, a **“implantación de pasteiros e a realización de repoboación forestais sobre superficies conformadas por queirogais secos (4030)” así como o “subsolado, sangrado e rozas mecánicas sobre hábitats lacunares, turbeiras ou corredores fluviais”**, ficando como prohibidos.

- **Proponse que a normativa** relativa ao apartado 4.2.4.5 *Uso público e actividades deportivas* **exclúa no punto 3 a posibilidade de facer excepcións ao principio xeral de non permitir a circulación e o aparcamento sobre os diferentes tipos de hábitats**, dado que non é compatible cos obxectivos de conservación.

- Atendendo ao punto 5 do apartado 4.2.4.5, **proponse eliminar a práctica do aeromodelismo e dispositivos semellantes como actividade autorizable**, debido ao impacto que pode xerar no entorno.

5.- CONSIDERACIÓNS SOBRE O APARTADO 5. *Programa de actuacións a desenvolver*

O apartado 5 caracterízase pola súa brevidade, chegando a ser desequilibrado en relación aos apartados precedentes e carente de conexión cos obxectivos referidos nos apartados 3 e 4 e co apartado 6. Neste sentido, proponse:

5.1. Reducir a catro os sete programas enunciados no apartado 5.

- Entendendo que a caza e a pesca se trata de dúas actividades que seguirán a desenvolverse no parque natural, pero que polas súas propias

características deben ser minoritarias e sen contar cunha promoción por parte da Administración, ademais do reducido das actuacións propostas en comparación con outros programas, propoñemos **eliminar o Programa cinexético e piscícola** e incorporar aquelas actuacións contidas no mesmo dentro do *Programa de actuacións sobre a biodiversidade* posto que se busca facer seguimento de diferentes especies.

- Proponse **eliminar** como programa independente o denominado **Programa de consolidación de imaxe corporativa** e integralo no *Programa de uso público e actividades culturais*. Isto atende ás escasas actuacións recollidas e ó carácter secundario das mesmas dado que xa existe información completa do parque natural na web.

- Proponse **definir o Programa de actividades científicas e monitoreo, non como un programa independente, senón como parte fundamental de cada un dos programas** restantes para garantir a coherencia e coordinación entre o coñecemento e monitoreo do parque e a diagnose de problemáticas, coas prioridades, as actuacións e o orzamentos necesarios ligados á conservación da biodiversidade e o medio físico, os usos agropecuarios e forestais e os usos públicos.

5.2. Proponse **concretar** nos diferentes programas a **temporalización, o plan de inversión, os recursos materiais e técnicos** requerido, así como **os mecanismos de compensación para propietarios e propietarias, os destinatarios** en caso de ser persoas físicas, o **ámbito espacial de actuación** (superficie, tipo de propiedade, etc), e os **criterios de avaliación**. Tamén se propón que se vinculen, cando menos por alusión dos títulos, a que obxectivos do apartado 4 atende cada un dos programas propostos.

5.3. Proponse **incorporar nos diferentes plans as seguintes actuacións** non recollidas no documento inicial:

- **Velarase polo mantemento da cantidade e calidade das masas de agua**, en especial naqueles cursos fluviais que son obxecto de explotación eléctrica (*Programa de Actuacións sobre o medio físico*).

- **Eliminaranse vertedoiros** (*Programa de Actuacións sobre o medio físico*).

- **Eliminaranse ou tomáranse medidas tendentes a atenuar as consecuencias dos obstáculos físicos** que dificulten a vida da fauna no Eume e afluentes.

- **Eliminaranse ou tomáranse medidas tendentes a atenuar as consecuencias da existencia de liñas de alta tensión, parques eólicos e canteiras.**

- Profundarase no **coñecemento e evolución dos microclimas e condicións climatolóxicas** do espazo atendendo ás **posibles alteracións derivadas do cambio climático** e que podan supoñer cambios substanciais nas características do parque (*Programa de Actuacións sobre o medio físico*).

- **Eliminaranse edificacións** carentes de uso e que supoñan una degradación dos hábitats ou da paisaxe (*Programa de Actuacións sobre o medio físico*).

- **Desenvolveranse actividades de educación ambiental centradas na poboación residente no parque ou que teña propiedades** no mesmo que permitan avanzar na consecución dos obxectivos e actuacións (*Programa sobre o medio físico, Programa de actuacións sobre a Biodiversidade e Programa agropecuario e forestal*).

- **Estudo da presenza, orixe e distribución de especies invasoras** (*Programa de actuacións sobre a biodiversidade*).

- **Control de especies invasoras** centrado os esforzos sobre a *Acacia melonxylon*, *Capra hircus* e **especies do xénero Eucalyptus e aquelas outras que afecten a hábitats prioritarios** (*Programa de actuacións sobre a Biodiversidade*).

- **Naquelas superficies con presenza de especies do xénero Eucalyptus e vinculados a un réxime de explotación forestal, reducirase progresivamente a superficie mediante o establecemento de contratos por servizos ambientais que permitan a recuperación dos ecosistemas sensíbles e/ou a plantación de frondosas autóctonas** (*Programa de actuacións sobre a Biodiversidade e Programa agropecuario e forestal*).

- **Favorecerase un maior uso tanto de esterco** para o abonado das terras en detrimento dos puríns ou abonos sintéticos, como de **tratamentos ecolóxicos** fronte ao uso de biocidas, así como **rozas** que eviten o uso de herbicidas (*Programa agropecuario e forestal*).

- **Adaptaranse as medidas de loita contra os incendios forestais á realidade, necesidades e singularidade do espazo** primando medidas de baixo impacto: identificación das zonas máis vulnerables, primarase a multifuncionalidade do bosque, primarase a prevención e vixilancia contando coa implicación da poboación residente e propietaria, manteranse en bo estado os camiños tradicionais, evitarase o uso de cortalumes (*Programa agropecuario e forestal*).

- **Farase un diagnóstico da mobilidade no parque natural** (vías de entrada, densidade, tipoloxías de mobilidade, etc.); estableceranse liñas de pago de autobuses que conecten os centros urbanos cos límites do parque natural para evitar o uso de automóbil privado; **fomentarase o uso de medios de transporte alternativos** como a bicicleta ou os desprazamentos a pé; estableceranse **medidas de pacificación do tráfico, restricións de acceso e de tipoloxías de vehículos para visitantes** (*Programa de uso público e actividades culturais*).

- **Elaboraranse programas de educación ambiental** para os centros de recepción de visitantes e para aquelas visitas guiadas dirixidas a poboación visitante (*Programa de uso público e actividades culturais*).

- **Fomentarase a certificación ecolóxica das explotacións** (*Programa agropecuario e forestal*).

6.- CONSIDERACIÓNS SOBRE O APARTADO 6. *Programa económico financeiro*

O apartado 6 caracterízase non só pola brevidade, senón tamén pola **falta dunha cuantificación real e concreta da inversión necesaria para levar adiante as actuacións propostas.**

Se ben neste apartado afírmase que *“na fase de elaboración do PRUX neste apartado estimáranse as inversións a realizar no ámbito do parque natural”* non é comprensible, de cara ao dereito de información pública e a presentar as consideracións oportunas por parte de todas as persoas interesadas, que o documento publicado non conte cun auténtico programa económico financeiro, tal e como establece a Lei 9/2001, de 21 de agosto, de Conservación da Natureza.

O documento **non concreta a financiación, as inversións nin os gastos cuantificables, nin quen serán os destinatarios que realizarán o gasto** (Xunta de Galicia, concellos, Deputación, asociacións, fundacións ou propietarios/as) **nin que ámbitos ou plans teñen prioridade.**

En relación á xestión forestal e agropecuaria e á mellora dos hábitats, o apartado 6 do documento enuncia diferentes mecanismos: permutas, custodia do territorio, axudas, compra de terreos e dereitos, etc. Estas mesmas ideas aparecen recollidas nas directrices do apartado 4.2.4.2 Usos forestais nos puntos 2, “Promoverase a adquisición e/ou arrendamento de predios ou ben a compra das súas producións (...)” e 3, “Fomentarase a sinatura de acordos ou convenios contractuais coas comunidades de montes, con agrupacións de propietarios e cos titulares dos terreos (...)”. Se ben isto poderían ser parcialmente instrumentos de compensación para propietarios e propietarias, xunto con contratos por servizos ambientais, a falta de recoñecemento explícito dos dereitos dos propietarios e propietarias e dos prexuízos económicos derivados da restrición de usos, sumado á falta de estimacións económicas concretas, indican unha falta de vontade da Xunta de Galicia para o desenvolvemento deste tipo de inversión públicas durante a vixencia do plan. Sen embargo, a aprobación do PRUX **sen avances concretos referidos a mecanismos compensatorios reais e froito do consenso, pon en entredito o éxito de boa parte medidas propostas.**

Por todo o exposto, **SOLICITA:**

Que se teñan por presentadas consideracións ao Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural das Fragas do Eume e, amosando a oposición á aprobación do mesmo nos termos actuais polos motivos expostos, o organismo competente atenda a estas propostas de cara a completar e modificar o documento inicial.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2015

DIRECTORA XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA